

Amiga Mercedes:

Aquí vos envío os textos que me pedíchedes. Cortade por onde queirades. Unha fonda aperta.

Xavier Seoane

ENVÍO

(Palabras para J. R. T.)

Amarás as mañás de primavera,
as tardes de verán,
as noites estreladas dos outonos
e o lume da lareira na invernada,
e esa será a causa
de que a alma che doía de modo inconsolable.

O Libro da Esperanza
ten sempre poucas páxinas.
Agarda pouco del, se é que algún día o abres.
E esquece que soñaches
porque, cando despertes,
non volverás facelo por toda a eternidade.

LUZ DE SETEMBRO

Cando o outono é unha barca que devala sen rumbo
baixo a sombra dourada das ribeiras máis tristes
a miña soa esperanza é ficar dispoñible
para toda viaxe máis aló do infinito.

ESPLENDOR E DERROTA

¿Que anuncian esas nubes incendiadas
a sucar como vastos continentes
as praias misteriosas do solpor?

Aínda que semellen viaxeiras do infinito
son criaturas suxeitas, coma nós,
á inclemencia do tempo e á victoria da morte.

Como todo o que pasa, a súa beleza é un soño.

As aves que as persiguen ata a última
liña de sucesivos horizontes
coa ilusión de alcanzar
algún posible porto após de toda rota,
pérdense para sempre
alén de todo espacio, realidade ou memoria.

Só algunha, ao azar,
retorna agazapada ao toco promontorio
onde soña e remoe, como esfínxe ridícula,
a inútil certeza da súa eterna derrota.

Dársenas do ocaso

A DEUSA MELANCÓLICA

Esa lúa que ascende silenciosa
na árdora durmida e secreta desta noite
sabe qué absurdos son os nosos soños
mais, xenerosa, deixa polas praias
o seu sorriso roto
de deusa solitaria e melancólica.

Confidente dos peixes prateados
e as sereas ardentes que enlouquecen os homes,
veu ao longo dos séculos
que todo o que conciben e constrúen
está abocado á morte.

Mais non cabe a crueldade
na celeste beleza
da súa albura azul e misteriosa:
impasible á loucura da razón,
invicta ante as feridas do tempo e máis da morte,
navega imperturbable no infinito das horas.

Dársenas do ocaso

DA BELEZA QUE PASA

Qué fermosas, e lentas, esas tardes...

A luz a traspasar o neboeiro
cun ouro lento e fráxil,
a brancura da nube, cegadora e salvaxe
ou o incenso do azul a rebordar
alén dos horizontes e dos cabos...

Qué fermosas, e lentas, esas tardes...

Máis aló da mirada,
que haxa mundos sumidos
na beleza do espacio, ¿que supón

para a túa fortuna e o teu fracaso?

Nin o eco do canto dos cisnes destrizados
ou as brasas do sol pervivirán
cando a noite se adentre nos teus ollos
e a chuvia das estrelas acribille o espacio.

Dársenas do ocaso